

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN

**16481** *Real decreto 1485/2009, do 26 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 365/2007, do 16 de marzo, polo que se regula o Consello Superior de Ensinanzas Artísticas.*

O Real decreto 365/2007, do 16 de marzo, polo que se regula o Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, establece no seu artigo 5 a composición do devandito órgano consultivo do Estado.

Tendo en consideración as modificacións introducidas polo Real decreto 542/2009, do 7 de abril, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, e polo Real decreto 640/2009, do 17 de abril, que desenvolve o anterior, incorpóranse á representación do Ministerio de Educación no dito Consello Superior de Ensinanzas Artísticas dous representantes do Gabinete da Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional por proposta do vicepresidente primeiro, sen modificar o número de representantes deste departamento.

Por outra banda, a experiencia de funcionamento do Consello manifesta como insuficiente a representación das administracións locais tanto no Consello como na Comisión Permanente. En consecuencia, auméntase en dous conselleiros a representación das administracións locais no Pleno.

Para a elaboración deste real decreto consultouse o propio Consello Superior de Ensinanzas Artísticas e as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de setembro de 2009,

#### DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 365/2007, do 16 de marzo, polo que se regula o Consello Superior de Ensinanzas Artísticas.*

O Real decreto 365/2007, do 16 de marzo, polo que se regula o Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, queda modificado como segue:

Un. O artigo 5 queda redactado nos seguintes termos:

«O Consello Superior de Ensinanzas Artísticas terá a seguinte composición: presidente, tres vicepresidentes, un secretario e setenta e dous conselleiros».

Dous. O número 1 do artigo 9 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Formarán parte do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas os seguintes conselleiros:

a) Seis representantes do Ministerio de Educación, dos cales polo menos dous terán rango de director xeral, e dous serán representantes do Gabinete da Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional por proposta do vicepresidente primeiro.

b) Dous representantes do Ministerio de Cultura, designados polo titular do departamento.

c) Un representante por cada unha das administracións educativas das comunidades autónomas, propostos por estas.

d) Un representante das cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

e) Catro representantes das administracións locais propostos pola Federación Española de Municipios e Provincias.

f) Doce profesores de ensinanzas artísticas, propostos polos sindicatos e as asociacións de ámbito estatal máis representativos no ámbito das ensinanzas artísticas.

g) Tres alumnos de ensinanzas artísticas superiores, propostos polas asociacións de alumnos máis representativas no ámbito das ensinanzas artísticas.

h) Dezasete representantes de directores de centros onde se impartan as diferentes ensinanzas artísticas superiores, propostos polas administracións educativas sobre criterios acordados co Ministerio de Educación para garantir a representación proporcional das diferentes ensinanzas.

i) Dez personalidades de recoñecido prestixio no ámbito das ensinanzas artísticas, designadas polo Ministerio de Educación, consultadas as comunidades autónomas».

Tres. O número 2 do artigo 12 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Compoñen a Comisión Permanente, ademais do seu presidente, os seguintes membros:

j) Dous dos conselleiros representantes do Ministerio de Educación.

k) Un dos conselleiros representantes do Ministerio de Cultura.

l) Seis dos conselleiros representantes das comunidades autónomas, con carácter rotatorio.

m) Dous representantes das administracións locais.

n) Catro dos conselleiros representantes do profesorado.

o) Un dos conselleiros representantes do alumnado.

p) Seis dos conselleiros representantes dos directores dos centros.

q) Tres dos conselleiros representantes do grupo de personalidades de recoñecido prestixio.

r) O secretario do Consello, que participará con voz pero sen voto».

**Disposición adicional única.** *Órganos de referencia.*

Todas as mencións que, no Real decreto 365/2007, do 16 de marzo, se fan ao Ministerio de Educación e Ciencia, débense entender feitas ao Ministerio de Educación. Así mesmo, todas as mencións á Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional do departamento débense entender á Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional do departamento.

**Disposición derradeira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de setembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,  
ÁNGEL GABILONDO PUJOL